

# CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



## ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 11-11-2021

### ASISTENTES:

#### Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

#### Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro

D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral

D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Angel Díaz González.

D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontevedra, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día once de novembro de dous mil vinte e un, xúntanse de xeito telemático, en sesión extraordinaria e urxente do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

#### A Secretaria:

Dna. Ana Ramos Ramos.

#### A Interventora:

Dna. Lucía Varela Martínez.

### AUSENTES:

D. Luis Pena Mosquera (presentou escusa)

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

### **1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **<<PROPOSTA DE ACORDO**

#### **RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 11-11-2021**

(Expediente TEdC 2021/G006/000199)



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



O Concello de Pontevedra solicita a Augas de Galicia unha colaboración técnica e financeira en materia de infraestruturas hidráulicas para a execución da obra "Mellora de saneamento en Ver, Pontevedra, A Coruña, clave OH.315.1087"; no marco do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

A dirección de Augas de Galicia, por resolución do día 23.03.2021, acordou o financiamento do 100% do orzamento da actuación, condicionado á aprobación previa do Consello da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 6.3 do Decreto 59/2012, do 14 de marzo.

Para que Augas de Galicia inicie a licitación das obras é necesario realizar os trámites establecidos na comunicación recibida o día 26.03.2021 con rexistro de entrada número 20210000000389.

Logo de ver o anteriormente exposto, é competencia do Pleno municipal a adopción dos acordos numerados na comunicación recibida.

É por isto que, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.**- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do día 11-11-2021 e a inclusión na orde do día da sesión do asunto:

- Mellora de saneamento en Ver, Pontevedra, A Coruña, clave OH.315.1087

En Pontevedra, documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde, D. Bernardo Fernández Piñeiro.>>

O presidente abre a quenda do debate.

Sen intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos presentes, o **ACORDO** seguinte:

**ÚNICO.**- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do día 11-11-2021 e a inclusión na orde do día da sesión do asunto:

- Mellora de saneamento en Ver, Pontevedra, A Coruña, clave OH.315.1087

### 2.- MELLORA DE SANEAMENTO EN VER

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**<<ASUNTO. MELLORA DO SANEAMENTO EN VER. PONTEDEUME.**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



### PROPOSTA DA ALCALDÍA

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte PROPOSTA DE DITAME:

En relación co expediente que se indica:

**Nº Expediente:** 2019/U022/000007

**Data e Nº r.e.:** 28/05/2019 Nº RE 2000

**Obxecto da solicitude:** Mellora do Saneamento en Ver. Término municipal de Ponte deume. (A Coruña). CLAVE: OH.315.1087

**Clasificación urbanística:** solo urbano e solo rústico (PXOM) / solo urbano e solo rústico (LSG)

**Orzamento Execución Material:** 691.801,32 euros

**Solicitante:** Organismo Autónomo Aguas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

**Dirección:** Rúa Doutor Maceira, nº18 Baixo, C.P.15706, Santiago de Compostela

Tendo en conta a solicitude de documentación de data 26/03/2021, remitida polo Organismo Augas de Galicia, en relación co expediente indicado, co fin de continuar coa tramitación do procedemento, requirindo a realización dun trámite de información pública de acordo co establecido no artigo 9 do Decreto 59/2013 de 14 de marzo, modificado pola Lei 5/2017 do 19 de outubro.

Vendo que no Boletín oficial da provincia da Coruña do día 23 de agosto de 2021 (núm. 159), consta anuncio de información pública do proxecto Mellora do Saneamento en Ver. Concello de Ponte deume. (A Coruña) (rev. 03). CLAVE: OH.315.1087, rematando o prazo o día 22 de setembro de 2021.

Certificouse pola Secretaría da Corporación o resultado da exposición ao público o día 29 de setembro de 2021, sendo que non foron presentadas alegacións no indicado período.

Requirindo asimesmo Augas de Galicia a adopción de acordo do Pleno do concello onde se acorden:

1. Aprobación inicial do proxecto da obra "Mellora do saneamento en Ver. Ponte deume (A Coruña)", de clave: OH.315.1087, unha vez rematado o trámite de información pública.
2. Compromiso de facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local, que resultaren esixibles con motivo das obras.
3. Compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da execución das obras, unha vez que sexan recibidas pola Administración hidráulica de Galicia.
4. Compromiso do establecemento ou actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras, logo da súa cesión á entidade local.
5. Compromiso da posta a disposición dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames para a normal execución das obras
6. Ratificar a solicitude efectuada polo Alcalde de solicitude de financiamento do 100% do custo das obras.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



Certificación acreditativa da dispoñibilidade de terreos, onde conste expresamente que “Que o Concello pon a disposición da Administración hidráulica de Galicia os terreos necesarios, libres de cargas e gravames, para a normal execución das obras”, ou, se for o caso, certificación acreditativa do inicio do correspondente procedemento expropiatorio.

Tendo en conta a autorización de ocupación temporal de parcela privada con referencia catastral 1053411NJ6045S con fins públicos e cesión gratuita de parte da mesma, relativa á dispoñibilidade dos terreos para a execución da obra “Mellora do saneamento en Ver” promovida polo concello de Pontevedra en colaboración con Augas de Galicia, asinada o día 4 de novembro de 2021.

Visto informe técnico emitido polo Arquitecto técnico municipal asinado o día 09/11/2021, no que se conclúe entre outros que:” Polo que, dende o punto de vista do técnico que redacta o presente informe, se considera que dispónse dos terreos e se consideran suficientes para a realización das obras. Neste aspecto non se pode valorar as causas sobrevidas durante a normal execución dos traballos”.

Visto canto antecede, e en virtude das competencias legalmente atribuídas **PROPOÑO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o proxecto da obra “Mellora do saneamento en Ver. Pontevedra (A Coruña)”, (rev. 03) de clave: OH.315.1087 febreiro de 2019 remitido por Augas de Galicia, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de Xunta de Galicia, unha vez rematado o trámite de información pública, e acreditado que non se presentaron alegacións.

**SEGUNDO.-** Asumir o compromiso de facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local, que resultaren esixibles con motivo das obras.

**TERCEIRO.-** Asumir o compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da execución das obras, unha vez que sexan recibidas pola Administración hidráulica de Galicia.

**CUARTO.-** Asumir o compromiso do establecemento ou actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras , logo da súa cesión á entidade local.

**QUINTO.-** Asumir o compromiso da posta a disposición dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames para a normal execución das obras

**SEXTO.-** Ratificar a solicitude efectuada polo Alcalde de solicitude de financiamento do 100% do custo das obras.

**SÉTIMO.-** Declarar a plena dispoñibilidade dos terreos segundo consta no informe técnico do día 9/11/2021, poñendo o concello de Pontevedra a disposición da Administración hidráulica de Galicia os terreos necesarios, libres de cargas e gravames, para a normal execución das obras.

**OITAVO.-** Dar traslado a Augas de Galicia aos efectos oportunos

**NOVENO.-** Dar traslado ao departamento de urbanismo e servizos económicos aos efectos oportunos.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



*En Pontevedra, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.>>*

O presidente abre a quenda de debate que se transcribe en síntese:

**Toma a palabra o Sr. Daniel Ríos** e indica que para a xestión desta obra faltaba un tema de cesión de terreos e agradece aos donos dos mesmos a cesión gratuíta ao Concello da superficie necesaria para completar a obra, e así poder trasladar a Augas de Galicia a documentación requirida e proceder a súa licitación. Así, de cara ao ano que ven os problemas de contaminación na praia Ver desaparecerán.

**Toma a palabra o Sr. alcalde** que quere salientar que as xestións para conseguir a cesión dos terreos comezaron antes do verán, que non foron fáciles pero que ao final chegaron a un acordo, e reitera o agradecemento aos donos dos terreos pola cesión gratuíta, sen custe para as arcas municipais. A partir de agora pónense a disposición de Augas de Galicia, aprobase o proxecto, que tamén levou o seu tempo conseguir todos os informes necesarios para a súa execución; e é un paso máis cara mellorar esa zona da praia e apartamentos pero tamén dunha zona de Boebre que non tiña ese servizo.

**Toma a palabra o Sr. Santiago Rodríguez**, que agradece os esforzos realizados para conseguir esta obra e pregunta porque hai unha diferenza entre o importe que aparece na proposta, 615.000 € e o proxecto 957.000 €

O Presidente indica que se mire o expediente para ver esa diferenza

A Secretaria municipal consulta o proxecto de obra que consta no expediente e indica que o importe da proposta é o orzamento de execución material ao que hai que engadir os gastos xerais, o beneficio industrial e o IVE, por iso as dúas cifras, pero ambas son correctas, nunha están incluídos e noutras non.

**Toma a palabra o Sr. Santiago Rodríguez**, que pregunta se vai algún transformador de corrente para aumentar a potencia, xa que ten constancia de problemas na zona

**Toma a palabra o Sr. Daniel Ríos**, que indica que Unión Fenosa realiza unha actuación de mellora da acometida eléctrica polos cortes de subministro que estaban sufrindo os veciños de Boebre, que vai garantir o subministro.

**Toma a palabra o Sr. Santiago Rodríguez**, pregunta cando está previsto que se inicie esta obra.

**O Sr. alcalde** indica que se todo vai ben, a longo do primeiro semestre deberían iniciarse os traballos, pero que vai depender de Augas de Galicia, que son os que licitan e que lle consta que teñen presa por iniciar a obra.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, quedando adoptado por **UNANIMIDADE** das persoas membro presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o proxecto da obra "Mellora do saneamento en Ver. Pontevedra (A Coruña)", (rev. 03) de clave: OH.315.1087 febreiro de 2019 remitido por Augas



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



de Galicia, Consellería de Infraestructuras e Mobilidade de Xunta de Galicia, unha vez rematado o trámite de información pública, e acreditado que non se presentaron alegacións.

**SEGUNDO.-** Asumir o compromiso de facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local, que resultaren esixibles con motivo das obras.

**TERCEIRO.-** Asumir o compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da execución das obras, unha vez que sexan recibidas pola Administración hidráulica de Galicia.

**CUARTO.-** Asumir o compromiso do establecemento ou actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras, logo da súa cesión á entidade local.

**QUINTO.-** Asumir o compromiso da posta a disposición dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames para a normal execución das obras

**SEXTO.-** Ratificar a solicitude efectuada polo Alcalde de solicitude de financiamento do 100% do custo das obras.

**SÉTIMO.-** Declarar a plena dispoñibilidade dos terreos segundo consta no informe técnico do día 9/11/2021, poñendo o concello de Pontevedra a disposición da Administración hidráulica de Galicia os terreos necesarios, libres de cargas e gravames, para a normal execución das obras.

**OITAVO.-** Dar traslado a Augas de Galicia aos efectos oportunos

**NOVENO.-** Dar traslado ao departamento de urbanismo e servizos económicos aos efectos oportunos.

### REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as nove horas e corenta e sete minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

### DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno do Concello do día 25-11-2021, segundo o borrador asinado o día 12-11-2021. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

